



CONTIGO MELLOR

PROGRAMA DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA



Deputación
DA CORUÑA

EN QUE CONSISTE O PROGRAMA DE TELEASISTENCIA DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA?

O programa de teleasistencia domiciliar da Deputación ten por obxecto dar unha resposta positiva e inmediata ante situacións de emerxencia e necesidade as **24 horas do día, 365 días ao ano**, proporcionándolles autonomía, seguridade e tranquilidade ás persoas usuarias.

O funcionamento deste sistema permite ter en contacto permanente ás persoas usuarias coa central de atención, pulsando o botón do medallón ou pulseira que deben levar sempre consigo.

A central de atención, está asistida por un equipo de teleoperadores/as profesionais que realizan funcións de seguimento e acompañamento social das persoas usuarias mobilizando os recursos axeitados ante posibles situacións de emerxencia. Para realizar ditas funcións este equipo de profesionais conta previamente con todos os datos necesarios da persoa usuaria como por exemplo: enfermidades, medicación, familiares ou persoas de contacto.

QUENES SE PODEN BENEFICIAR DO SERVIZO?

As persoas **residentes en concellos de menos de 50.000 habitantes da Provincia da Coruña, maiores de 65 e non dependentes**, tendo prioridade aquelas persoas que vivan soas permanentemente ou durante gran parte do día.

No caso das persoas que viven en áreas rurais, é especialmente significativa a dispoñibilidade do servizo, xa que supón un recurso de benestar social ao contar con menos redes de apoio familiar.

Na actualidade máis de 2.000 persoas se benefician do servizo de teleasistencia domiciliaria da Deputación da Coruña.

COMO SOLICITAR A ALTA NO SERVIZO?

O trámite para darse de alta no servizo é moi sinxelo, as persoas interesadas tan só se teñen que achegar ao **departamento de servizos sociais do seu concello de residencia** e solicitar a alta.



Deputación
DA CORUÑA



**MÁIS INFORMACIÓN NO DEPARTAMENTO
DE SERVIZOS SOCIAIS DO SEU CONCELLO**

**WWW.CONTIGOMELLOR.GAL
FB: CONTIGO MELLOR
#CONTIGOMELLOR**